



## Lectura de textos – Relixión


A **Biblioteca Nacional de España** celebra a sexta edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa **Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias** (FEDEPE) e coa **Asociación Clásicas e Modernas** co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sexta edición, o tema elixido é **Ler as idades da vida**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 18 de outubro a esta autora:

### Natalia Sanmartín Fenollera

De [https://gl.wikipedia.org/wiki/Natalia\\_Sanmart%C3%ADn\\_Fenollera](https://gl.wikipedia.org/wiki/Natalia_Sanmart%C3%ADn_Fenollera) e <https://www.planetadelibros.com/autor/natalia-sanmartin-fenollera/000029764>:

Natalia Sanmartín Fenollera (A Estrada, Pontevedra, 1970) é unha periodista e escritora galega. Aínda que de pequena quería ser bibliotecaria pola súa afección á lectura, licenciouse en Dereito na Universidade da Coruña e realizou un máster en Xornalismo na Escola de Xornalismo do diario *El País*. É autora da aclamada novela *El despertar de la señorita Prim* (Planeta, 2013), traducida a once idiomas e publicada en Italia, Alemaña, Francia, EE.UU. e Canadá, Reino Unido e Commonwealth, Polonia, República Checa, Lituania, Eslovenia, Croacia, Portugal, Brasil e Turquía. A trama de *El despertar de la señorita Prim* xurdiu da necesidade de escribir unha historia que falara do valor das cousas sinxelas que se perden no camiño cara o progreso e a modernidade.



En 2020, saliu a súa segunda novela, *Un cuento de Navidad para Le Barroux*. Este libro naceu porque as monxas beneditinas da **abadía de Notre-Dame de l'Annonciation du Barroux** (Francia), pediron á autora que escribira un conto para ler no refectorio, durante o tempo de Nadal.

O texto escollido é a presentación na editorial de *Un cuento de Navidad para Le Barroux*. Barcelona, Planeta, 2021.

*«Mi madre creía en las hadas y en los dragones, decía que creía en todos esos seres legendarios que la memoria de los hombres no recuerda ya. No es que estuviese segura del todo. No creía en las hadas del mismo modo en que creía en Dios, en la Virgen o en los santos. Solo decía que podían haber existido cuando el mundo apenas estaba en pañales y los hombres aún no se habían acostumbrado a los regalos fabulosos de Dios».*

**Un cuento de Navidad para Le Barroux** narra a historia dun neno sen nai que pregunta incansablemente a Deus se o que ela lle contaba sobre Belén, o ceo e as estrelas ocorreu en realidade. Día tras día, durante tres longos anos, implora un sinal. Ata que chega o terceiro Nadal...

